



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Literatura Poscolonial	Código	613G03026		
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Inglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Barros Grela, Eduardo	Correo electrónico	eduardo.barros@udc.es		
Profesorado	Barros Grela, Eduardo Nuñez Puente, Carolina	Correo electrónico	eduardo.barros@udc.es c.nunez@udc.es		
Web	https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28956&lang=en				
Descrición xeral	Esta materia aportará unha visión panorámica dos/das autores/as de países que foron colonias do imperio británico, así como das diásporas destes países. Tamén se estudará o contexto socio-histórico destas literaturas coloniais e poscoloniais anglófonas.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua inglesa.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países que foron antigas colonias do imperio británico, así como das súas diásporas.	A1 A7 A16	B5 B8	C2 C4



Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia.	A16 A17	B1 B5 B7 B8	C2 C4
Ler e analizar textos dende unha perspectiva crítica e / ou poscolonial.	A1 A2 A3 A11 A15	B1 B2 B3 B6 B7 B8	C2 C4 C6 C7
Ser capaces de elaborar ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e preparar e facer exposicións orais coherentes en lingua inglesa.	A6 A9	B1 B3 B5 B7 B8	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción: contextos coloniais.	1.1. O imperialismo británico: introdución socio-histórica. 1.2. O discurso colonial. Orientalismo. Lecturas: Rudyard Kipling, "White Man's Burden" e Marlene Nourbese Philip (selected poems).
2. Descolonización e poscolonialismo.	2.1. Descolonizando a mente. 2.2. Literaturas e crítica poscolonial. Estereotipos e opostos maniqueos. Lecturas: Chinua Achebe's Things Fall Apart (fragmentos), Chimamanda Ngozi Adichie's "The Danger of a Single Story", Merlinda Bobis "Fish Hair Woman", y Amalia Ortiz (selections from The Canción Cannibal Cabaret).
3. Resistencia e descolonización.	3.1. Sudáfrica: de colonia de asentamiento a la era pos-apartheid. 3.2. Rexións post-coloniais(?). Lecturas: Nadine Gordimer, "Country Lovers" y Uno, Thirty One: A Bilingual Anthology of Saharawi Resistance Poetry (selection).
4. Axencia poscolonial.	4.1. Hibridismo e terceiros espazos. 4.2. "Ritos de paso" e liminalidade. 4.3. "Pode o subalterno falar?" Lectura: Gabby Rivera (fragmento de Juliet Takes a Breath) e Joumana Haddad (fragmentos de I Killed Scheherazade).
5. Diásporas, migracións e contextos transnacionais.	5.1. Aínda, o comercio triangular da escravitude. 5.2. Afropolitanismo. 5.3. Globalización, neocolonialismo e cosmopolitanismo. Lecturas: Jamaica Kincaid's "A Small Place" e Suniti Namjoshi (fragmentos de The Fabulous Feminist). Selección de poesía (Warsan Shire, Rupi Kaur, Fariha Róisín, ou Nayyirah Waheed).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A7 A15 A16 A17 B5 B7 C2	21	25	46



Discusión dirixida	A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7	30	14	44
Proba de ensaio	A9 B1 B2 B3 B6	5	24	29
Proba mixta	A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2	2	24	26
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Neste tipo de sesións as docentes explicarán a) o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos e autores/as a analizar, b) conceptos teóricos dos estudos poscoloniais, c) pautas para analizar críticamente e para facer un uso axeitado das teorías poscoloniais.
Discusión dirixida	Animarase ao alumnado a debater e expresar a súa opinión, tanto de forma oral como escrita. Esta discusión dirixida pode complementar as sesións maxistras nas clases de grupo grande (DE), aínda que se levará a cabo fundamentalmente nas clases interactivas (DI).
Proba de ensaio	O alumnado redactará dous ensaios (un a mediados do cuadrimestre e o outro cara ó final) sobre os contidos expostos en DE e parte das obras estudadas nas clases interactivas.
Proba mixta	Este tipo de proba valorará a capacidade do/a estudante para comprender e aproximarse a un texto literario de xeito crítico por medio de preguntas sobre os textos analizados no curso. Ademais, o alumnado deberá demostrar que comprenden os principais temas e conceptos teóricos do poscolonialismo, e que os poden aplicar ao estudo de textos literarios.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Sesión maxistral	O profesorado axudará ao alumnado a resolver dúbidas sobre os textos e conceptos discutidos na clase de xeito individual e en grupos pequenos. Tamén están ao dispor do alumnado para orientar sobre calquera aspecto do curso durante o horario semanal de titorías.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7	Valoraranse actividades feitas na clase (individuais e en grupo, orais e escritas): Presentación oral (10% DI): faránse en grupos de 3-9 estudantes e será OPCIONAL. Seminario (5% DE + 15% DI): Valoraránse as actividades feitas por o alumnado nas aulas, tales como a participación activa en debates e a resposta a preguntas, ou realizar comentarios de texto (close-reading), entre outras actividades.	30
Proba de ensaio	A9 B1 B2 B3 B6	Cada estudante redactará dous textos escritos (un a mediados do cuadrimestre, o outro cara o final) sobre os conceptos teóricos e as obras estudadas en clase (DE). (As datas especificaranse ao principio do cuadrimestre). Na valoración destas probas valorarase en particular a capacidade do/a estudante para a comprensión crítica dos textos e conceptos vistos na clase así como a súa competencia lingüística en inglés.	40



Proba mixta	A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2	O exame final poderá incluír preguntas breves (ex., identificación /análise de citas, definicións de termos clave, etc.), así como preguntas máis longas e complexas ou comentarios de texto. O exame terá dúas partes (DE - 15%, na data oficial de exame, e DI - 15% durante unha sesión de aulas).	30
-------------	-----------------------------------	--	----

Observacións avaliación

Para aprobar a materia a/o estudante debe obter unha nota de 5 (ou superior) a 10 despois de sumar todos os compoñentes da avaliación.

Adicionalmente, non se superará a materia a menos que se obteña unha nota mínima de 5 sobre 10 no exame final.

Todas as actividades, incluídos os exames, deben estar escritas con claridade; os erros de gramática, vocabulario, ortografía, puntuación e estilo xeral afectarán negativamente ás cualificacións. Todos os traballos deberán entregarse a tempo e no formato especificado para evitar unha penalización do 25% sobre a cualificación obtida.

A segunda oportunidade de avaliación en xullo consistirá nas seguintes seccións:

1) Un ensaio

crítico máis extenso (40%);

2) Dúas probas

escritas similares ás probas finais de xuño (15% DE + 15% DI);

3) Unha

exposición oral OPCIONAL (10%);

4) O traballo do

seminario correspondente ás sesións de "Debate dirixido" será substituído por dúas probas (5% DE + 15% DI) con preguntas sobre os textos e conceptos explicados ao longo do curso.

Obterase unha calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%.

O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase do mesmo xeito que o especificado para a oportunidade de xullo.

Calquera

deslealdade académica (plaxio ou "copiar" en exames, entre outras) será sancionada de conformidade co disposto no Artigo 14 das Normas para a avaliación, revisión e reclamación de títulos de dous estudos de grao e mestrado universitario?. O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio Turnitin para revisar o traballo do alumnado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- ACHEBE, Chinua (1958 [2001]). Things Fall Apart (novel). London: Penguin- ADICHIE, Chimamanda Ngozi (2009). "The Arrangers of Marriage" (short story). London: Fourth State.- KAY, Jackie (). "Things Fall Apart" (poem). http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=5682- KINCAID, Jamaica (1988). "Small Place" (essay). New York: Farrar- Bobis, Merlinda (1999). White Turtle. Spinifex- Haddad, Joumana (2011). I Killed Scheherazade: Confessions of an Angry Arab Woman. Lawrence Hill- Namjoshi, Suniti (2013). The Fabulous Feminist: A Reader. Zubaan- Ortiz, Amalia (2019). The Canción Cannibal Cabaret & Other Songs. Wing- Philip, Marlene Nourbese (2014). She Tries her Tongue, her Silence Softly Breaks. Wesleyan UP- VVAA (2007). Treinta y Uno, Thirty One: A Bilingual Anthology of Saharawi Resistance Poetry. Sombbreroete- Morris, Rosalind C. (ed.) (2010). Can the Subaltern Speak? Reflections on the History of an Idea. Columbia UP- Said, Edward (1995). Orientalism: Western Concepts of the Orient. Penguin- Rivera, Gabby (2016). Juliet Takes a Breath. Riverdale Avenue Books <p>
</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. 2nd ed. . Routledge- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007/2013). Postcolonial Studies: The Key Concepts. 2nd/3rd edition.. Routledge- Boehmer, Elleke (1995/2005). Colonial and Postcolonial Literature. Oxford UP- Booker, M. K. (1998). The African Novel in English. An Introduction. Heinemann- Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). Introduction to Post-Colonial Theory. Prentice- Clarke, Ayebia (2005). Broadening the Horizon: Critical Introductions to Amma Darko. Banbury, UK- Donnell, Alison (2006). Twentieth-Century Caribbean Literature: Critical Moments in Anglophone Literary History. London: Routledge- Gadsby, Meredith (2006). Sucking Salt: Caribbean Women Writers, Migration, and Survival. . Columbia:U of Missouri- Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). Comparing Postcolonial Diaspora. . Macmillan- McLeod, John (2010). Beginning Postcolonialism, 2nd ed.. Manchester UP- Raiford, Leigh and Heike R-Hernandez (2017). Migrating the Black Body. The African Diaspora and Visual Culture. Seattle: U of Washington- Ramone, Jenni (2011). Postcolonial Theories. New York: Palgrave- Steger, Manfred (2013). Globalization: A Very Short Introduction. Oxford UP- Young, Robert J.C. (1995). Colonial Desire: Hybridity in Theory, Culture and Race.- Wawrzinek, Jennifer and J.K.S. Makokha (2011). Negotiating Afropolitanism: Essays on Borders and Spaces in Contemporary African Literature and Folklore. Rodopi- Wisker, Gina (2007). Key Concepts in Postcolonial Literature. Macmillan- Anzaldúa, Gloria (1987). Borderlands/La frontera: The New Mestiza. Spinster/Aunt Lute- Isidoros, Konstantina (2018). Nomads and Nation-Building in the Western Sahara: Gender, Politics and the Sahrawi. I.B. Tauris <p>Recoméndase utilizar o primeiro libro desta lista, de Ashcroft, Griffiths e Tiffin (identificador ou sinatura da biblioteca UDC: L2-4120), como libro de consulta xeral (especialmente na súa segunda ou terceira edición), ademais de outros textos máis curtos (capítulos de libro e artigos) que aportará ou recomendará a docente para cada tema en particular.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Introdución aos Estudos Literarios/613G03005

Literatura Inglesa 1/613G03010

Literatura Inglesa 2/613G03017

Lingua Inglesa 4/613G03019

Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020

Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Materias que continúan o temario

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Traballo Fin de Grao/613G03041

Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, o profesorado recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os textos de obrigada lectura tan pronto lles sexa posible.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías